

Decreto  
Nº 1510  
JUN 1996 de 198

**TITULO I.**

**DISPOSICIONS XERAIS.**

Aprobado por el Ayuntamiento de Fisterra en sesión de 17 de Julio de 1996  
EL SECRETARIO



### 1.1. AMETO DE APLICACION.

As presentes Ordenanzas e Normas Urbanísticas, de acordo co que sinalan as disposicións vixentes, regulan o uso do chan e a edificación no Termo Municipal de Fisterra.

### 1.2. VIXENCIA.

As presentes Normas Subsidiarias Municipais de Fisterra (no sucesivo, N.S.M.F.) entrarán en vigor ao día seguinte da publicación da súa aprobación definitiva no BOP de A Coruña e terán vixencia indefinida.

Será preceptiva, en calquera caso, a súa revisión:

- a) Transcurridos oito anos a partires da súa aprobación.
- b) Cando o dispoñan as leises sectoriais de carácter xeral, ou as de carácter urbanístico que se promulguen, segundo dispoña o seu propio articulado.

c) Cando se produzan circunstancias imprevisibles que poidan altera-lo modelo territorial previsto.

Poderanse modifica-las N.S.M.F., cando se xuzgue comenente, entendéndose por modificación o cambio de determinacións que non afecten á estrutura xeral e orgánica do territorio, nen supoñan modificación dos criterios xerais establecidos; todo elo de conforme ao disposto no artigo 128 da vixente Lei do Solo. (T.R. de Xuño de 1992).

### 1.3. RELACION COAS N.C.S. PROVINCIAIS.

Naqueles puntos non desenvolvidos polas presentes N.S.M.F. estarase ao disposto nas Normas de Planeamento para os Concellos da Provincia de A Coruña, que actuarán coma Subsidiarias ou Complementarias das Municipais.




aprobada por el Gobierno  
17 de Julio de 1996  
EL SECRETARIO de 198

**1.4. DESENROLO DAS N.S.M.F.**

- a) Planeamento subordinado.
  - 1) Para o desenvolvemento das N.S.M.F. formaranse, de acordo co previsto na lexislación vixente: Lei do Solo de 1992 (deica en diante T.R.L.S.), Lei de Adaptación da do Solo a Galicia, de 1985 -en diante LASGA-, Regulamento de Planeamento, (R.P.), etc. e o disposto na presente Normativa, Plans Especiais Plans Parciais e Estudos de Detalle.
  - 2) Os límites destes desenvolvementos serán os definidos nos Planos de Ordenación e/ou na presente Normativa.
  - 3) Cando nas zonas de solo urbano se produzan casos de imprecisión nas determinacións ou sexan necesarios lixeiros reaxustes de alineacións ou de redistribución do aproveitamento dunha couzada ou elemento da morfoloxía urbana, redactaranse e tramitaranse Estudos de Detalle para eses fins.
  - 4) Aparte das que aparezan reflexadas na Normativa e Planos de Ordenación das presentes N.S.M.F., poderán determinarse Unidades de Execución -continua ou discontinua- do Planeamento en solo urbano, de acordo co establecido nos artigos 144 e ss. da T.R.L.S. (aprobado por R.D. legislativo nº 1, de 26/6/1992).

A totalidade das cargas e beneficios impostos polo planeamento serán distribuídos entre os propietarios incluídos nas Unidades de Execución, ben por medio da reparcelación, ben por medio de calquera outro tipo de compensación, incluída a económica. As Unidades de Execución (U.E.) poderán ser continuas ou discontinuas e formularase en calquera momento, ben por iniciativa pública, ben por iniciativa privada cando o solicite, alomenos, o 60 % da propiedade do ámeto da U.E.

Para a delimitación de novas U.E. non previstas nas presentes N.S.M.A, ou para a modificación das xa delimitadas, seguirase o procedemento previsto no artigo 146 do TRLS.



Aprobado por *[Signature]* el día 17 de Julio de 1996  
EL SECRETARIO de 198

**1.5. CONTIDO E DOCUMENTACION.**

**a) Partes.**

As presentes N.S.M.F. divídense en catro apartados, que responden aos seguintes títulos e contidos:

- Normas Xerais
- Normas de Edificación
- Normas de Ordenación
- Normas de Xestión

**b) Documentos:**

- Memoria Informativa e Anexos.
- Planos de Información.
- Memoria Xustificativa.
- Planos de Ordenación.
- Normativa Urbanística.